



Desiree Prieto Sariego

O rei da clase

Había unha vez nun colexio chamado San Fernando un rei que todos os anos ía a clase e tiña como herdeiro ao trono a un alumno. O profesor era o seu conselleiro e o resto dos alumnos eran os seus servos.

O rei da clase chamábase Don Pedro I e o príncipe chamábase Francisco.

Un día, Don Pedro estáballe ensinando ao seu herdeiro que hai que facer para ser un bo rei da clase.

-Mira, eu teño que obedecer ao profesor para que todos estes nenos calen dunha vez e ti farás o mesmo.

-Si, Maxestade.

Ao día seguinte, ocorreu unha desgraza.

Don Pedro I morrera nun accidente de tráfico, mentres pasaba polo paso de peóns, o condutor non se deu conta de que o atropelou.

Entón toda a clase púxose de loito porque todos os alumnos e o profesor recordaban o que facía Don Pedro I na clase.

Tres días despois celebrouse a cerimonia de coroación e Francisco I foi nomeado rei da clase.

Entón mandou a todos os alumnos que calasen e que escoiten o discurso.

-Eu como o novo rei da clase debo cumprir as ordes do profesor e mandar calar a todos os alumnos para que así me teñan máis respecto.

Nada máis terminar o discurso, o profesor gritou:

-¡Viva o rei! ¡Viva a clase!

-¡Viva!

Soou o himno oficial da clase.

Todos os alumnos, Francisco I e o profesor puxéronse a cantalo.

O himno era moi bonito e daba ganas de cantalo por toda a clase e por todo o colexio.

Despois, cando saíu da clase Francisco I pensou en Don Pedro e dixo nun solemne ton de voz:

-¡Ai, Don Pedro! Se estiveses na miña clase? divertiríache moito pero agora eu vou cumprir o prometido. Hoxe estou un pouco triste porque xa non estás aquí.

Foise á súa casa a comer, a cear e a asearse.

Ao chegar o cuarto día de clase, Francisco I viu a uns alumnos que non paraban de discutir en clase.

O alumno dixo:

-¡Ti es o culpable porque me roubaches a goma, ladrón!

-¡Non! ¡Es ti o que ma quitou!

Francisco I gritou:

-¡SILENCIO! ¡Resolveredes esta discusión co profesor ou co director! A ver, quen lle roubou a goma a este alumno?

-¡EU, EU, EU!-gritou un alumno.

-Moi ben,-dixo Francisco I, ti irás a xunto do profesor e vou dicirlle que che castigue unha semana no colexio.

-Ben.

O profesor castigou ao culpable, o outro alumno púxose moi contento co profesor e co Rei

Francisco I.

O alumno díxolle:

-¡Moitas grazas, Francisco I! ¡Salváchesme a vida!

De súpeto apareceu un alumno vestido con roupas moi estrañas, feo, gordo e maleducado e gritou:

-¡Eu vou pegar a toda a clase porque sempre castigan aos que non fixeron nada malo!

-?Nada malo?? Que dis?-dixo Francisco I:-¡Pois o que ti dis é mentira porque aquí hai alumnos que ás veces se pon a discutir e a facer bobadas e ademais vostede non debería estar aquí porque en realidade non es deste colexio! ¡Lárgache!

-Ben, vale.

O alumno pegoulle unha puñada a Francisco I.

Francisco I dixo:

-¡Ajá! Con que vés con ganas de pelexar? Pois, ¡atrévete comigo, covarde!

-¡A min non me chames covarde!

Francisco I e o alumno descoñecido pasáronse todo o tempo pelexándose ata que Francisco I chamou ao director e mandou que o expulsase do colexio.

Veiu o director e colleu da man ao alumno descoñecido.

O alumno descoñecido gritou:

-¡Maldito reyezuelo! ¡Un día pagarasma!

O alumno descoñecido foise e todos os alumnos incluído o profesor vitorearon a Francisco I:

-¡Bieeeeeen! ¡Es o mellor rei da clase!

Francisco I viviu uns anos felices mandando calar a calquera alumno e obedecendo as ordes que lle mandaba o profesor.